



**Rebolar**

**Youtubeiro/a**

PROXECTO EDUCATIVO

# Diccionario galego para boomers

Autora: Noemí García Rodríguez

**Boomer**


**Crush**

## Índice

1. Introducción	2
2. Contextualización e xustificación do proxecto	3
3. Obxectivos xerais	3
4. Obxectivos específicos	4
5. Persoas destinatarias e participantes	4
5.1 Alumnado implicado no proxecto	4
5.2 Profesorado coordinador	5
5.3 Profesorado participante	5
6. Accións, medidas e actuacións concretas	5
7. Recursos necesarios	8
8. Temporalización	8
9. Impacto comunicativo	9
10. Avaliación	10
11. Conclusión	10

## 1. Introducción

Antes de máis, convén salientarnos que a mocidade galega, a pesar de ser un dos colectivos con maior perda en número de falantes de galego, dispón dun rico e innovador léxico, non moi coñecido por outras franxas de idade. Por ese motivo, o proxecto, intitulado *Dicionario galego para boomers*, pretende converter á rapazada na protagonista das innovacións que xorden arredor da nosa lingua. O alumando ten de se converter nun experto grupo de lexicógrafos para, deste xeito, elaborar un dicionario de neoloxismos do ámbito dos videoxogos e das redes sociais a través da conta de Instagram do proxecto (<https://www.instagram.com/galegoparaboomers/>).



## 2. Contextualización e xustificación do proxecto

O proxecto foi creado pola profesora Noemí García Rodríguez para o seu alumnado de Reforzo de Lingua Galega e Literatura de 1º da ESO do IES Leiras Pulpeiro (Lugo). No entanto, a novidade do proxecto chamou a atención do resto dos grupos e debido á súa boa acollida decidiuse abrir á participación do resto do alumnado. O alto grao de compromiso e implicación dos rapaces desde un primeiro momento deu pé a que sexa un proxecto de continuidade en vindeiros cursos escolares.

Outro dos trazos salientábeis é a metodoloxía empregada de traballo por proxectos, cuxo produto final é a creación dun dicionario de neoloxismos. Porén, este non é o seu fin único, senón que arredor do proxecto fixéronse traballos e investigacións sobre contido audiovisual destinado ás novas xeracións (recompilación de música de diferentes xéneros musicais nunha lista de reprodución en Spotify e vídeos para TikTok e YouTube). E, como se torna obvio deducirmos, o proxecto xira arredor destes eixes.

- Dominio da lingua e eliminación de prexuizos cara ao galego
- Normalización da lingua en espazos propios da rapazada (redes sociais, videoxogos e novas tecnoloxías)
- Desenvolvemento das capacidades artísticas e creativas do alumnado das competencias clave

Por último, cómpre destacarmos que *O Dicionario galego para boomers* forma parte das actividades programadas desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Leiras Pulpeiro (curso 2020-2021).

## 3. Obxectivos xerais

Os obxectivos deseñados para este proxecto son os seguintes:

1. Integrar e normalizar o galego en todos os ámbitos, especialmente nos medios habituais de comunicación, de relación social e lecer dos adolescentes con obxectivos dinamizadores e lúdicos para a materia de Lingua Galega e Literatura.
2. Coñecer e valorar a presenza do galego en disciplinas diferentes das lingüísticas e literarias, como o contido audiovisual na rede (canles de Youtube, TikTok, Twitch ou podcast), na música, nos videoxogos...
3. Desbotar prexuizos ligados á lingua.

#### **4. Obxectivos específicos**

Os obxectivos específicos que se pretenden conseguir a través dos obxectivos xerais anteriormente citados son os seguintes:

1. Integrar e normalizar o galego en todos os ámbitos, especialmente nos medios habituais de comunicación, de relación social e lecer dos adolescentes como as redes sociais ou os videoxogos con obxectivos dinamizadores e lúdicos para a materia de Lingua Galega e Literatura.
  - 1.1. Normalizar a lingua vinculando o galego con referentes próximos para elas/es, coa actualidade que lles é propia (tecnolóxica, musical, dos videoxogos, das redes sociais...).
  - 1.2. Coñecer o funcionamento da lingua: distinguir tipos de palabras, aprender a definir, coñecer os mecanismos morfolóxicos, siglas...
  - 1.3. Dominar as variedades internas do idioma: traballar os niveis, rexistros, variedades xeográficas, argot, cronolectos, sociolectos...
  - 1.4. Traballar a comprensión textual: interpretar textos medievais e do rexurdimento e adaptalos a xérenos musicais actuais.
2. Coñecer e valorar a presenza do galego en disciplinas diferentes das lingüísticas e literarias, como o contido audiovisual na rede (canles de Youtube, TikTok, Twitch ou podcast), na música, nos videoxogos...
  - 2.1. Traballar transversalmente coa lingua a través das redes sociais, do audiovisual, do tratamento da imaxe, das TIC, da música...

- 2.2. Visibilizar a creadores de contido en galego e crear contido audiovisual en galego sobre temas de interese para a mocidade en galego (historias e post para Instagram, memes, vídeos para TikTok...)
3. Desbotar prexuizos ligados á lingua.
- 3.1. Axudar a interiorizar aos alumnos e alumnas unha realidade: o galego é unha lingua tan válida coma outra calquera para expresar todo tipo de ideas, emocións, sentimentos...
- 3.2. Axudar o alumnado a mellorar o nivel de autoestima respecto da nosa lingua e da nosa cultura, a superar o complexo de inferioridade lingüístico que aínda se observa en boa parte da poboación galega, e máis en concreto en moitos dos nosos alumnos e alumnas.

## 5. Persoas destinatarias e participantes

### 5.1 Alumnado implicado no proxecto

O proxecto foi deseñado principalmente para o alumnado de Lingua Galega e Literatura de 1º da ESO. No entanto, debido á boa acollida que tivo no centro, abriuse á participación de todo o alumnado, tanto da ESO como do Bacharelato. Así pois, destaca a participación dos rapaces e rapazas de 1º e 4º da ESO e 1º de BAC.

### 5.2 Profesorado coordinador

Nome	Departamento
Noemí García Rodríguez	Lingua Galega e Literatura

### 5.3 Profesorado participante

Nome	Departamento
Belén Martín Franco	Lingua Galega e EDLG (coordinadora EDLG)
M <sup>a</sup> Inmaculada Gayoso Neira	Lingua Galega e Literatura




## 6. Accións, medidas e actuacións concretas

### O galego mola!

Durante o primeiro trimestre mostróuselle ao alumnado contido en galego ao que non estaba acostumado a ver (youtubeiros, vídeos de Tiktok...) nin a escoitar (trap, reguetón...) na nosa lingua e fóronse desbotando algúns dos prexuízos existentes. Comezamos a analizar a situación do galego na Internet e en relación ás novas xeracións para detectarmos déficits. Un exemplo do traballo que se fixo foi crearmos unha lista de reprodución colaborativa de música actual en galego en plataformas próximas a eles como *Spotify*, a cal recibiu o nome de *A Banda sonora do Lerias*<sup>1</sup>.

### O proxecto!

Despois de observarmos a importancia de crearmos contido en galego, decidimos pasar á acción e demos inicio ao proxecto. O desafío consistía en crearmos un dicionario de neoloxismos na nosa lingua. Unha vez que o alumnado aceptou o compromiso, decidimos escoller unha rede social próxima a el e abrimos unha conta en Instagram.



<sup>1</sup> Ligazón:

[https://open.spotify.com/playlist/5usF5NMHVEOtIq5OIAMtMQ?si=HYOZLaNASOiwU9tnT\\_e-qA&nd=1](https://open.spotify.com/playlist/5usF5NMHVEOtIq5OIAMtMQ?si=HYOZLaNASOiwU9tnT_e-qA&nd=1)

A encomenda do alumnado é crear unha serie de entradas para conformar o un dicionario de neoloxismos en liña. Para iso, os rapaces e rapazas deben seguir uns pasos previamente establecidos:

1. Escoller unha palabra que non estea recollida no *Dicionario da Real Academia Galega*.
2. Indica a súa categoría gramatical e a súa procedencia no caso de ser un préstamo lingüístico.
3. Definir o termo empregando unha linguaxe formal.
4. Pór un exemplo onde se vexa claramente o seu uso.



verb. Bailar movendo as cadeiras con sensualidade.

Ex.: Pasaron toda a tarde rebolando ao ritmo do reguetón.



adx. 1. Persoa nada entre 1946 y 1965, época coñecida como baby boom. 2. coloq. Persoa anticuada con independencia da idade que ten.

Desta maneira, o alumnado repasa as categorías gramaticais ao tempo que desenvolve as súas capacidades de lectoescritura. Unha vez feita a súa entrada, a profesora coordinadora encárgase de subila ás redes. Outra das actividades ligadas ao dicionario e a sección chamada *Refráns do século XXI*, na cal o alumnado traballa a fraseoloxía galega a través da modernización do noso refraneiro. Nesta tarefa, o alumnado tiña que facer unha pequena recollida de ditos propios da súa zona e analizar o seu significado. A seguir, debía adaptalo á ao contexto actual, mais sen perder o significado tradicional.





Tamén se traballou a comprensión textual a través da literatura. Reescribir poemas medievais e do Rexurdimento na xiria do alumnado espertou o seu interese e motivonos a afondar neste tipo de literatura tan afastado del.



Por último, a motivación do alumnado fixo que se ampliase o campo de acción e se creasen outras contas en distintas redes sociais. Por iso, co galo do Día das Letras Galegas, o alumnado tivo que facer unha pequena investigación sobre Xela Arias. A súa tarefa consistía en facer unha presentación da vida e obra da autora e que toda a información non se estendese máis alá de 10 chíos en Twitter<sup>2</sup> e que se puidese facer un vídeo de TikTok<sup>3</sup> que durase menos dun minuto. Este foi o resultado:



<sup>2</sup> <https://twitter.com/galegoboomers/status/1385890483793285129?cxt=HHwWksC-gayD1rsmAAAA>

<sup>3</sup>

[https://www.tiktok.com/@galegoparaboomers/video/6954648288498846981?is\\_copy\\_url=1&is\\_from\\_webapp=v1](https://www.tiktok.com/@galegoparaboomers/video/6954648288498846981?is_copy_url=1&is_from_webapp=v1)

## Ímonos de xira!

A boa acollida que tivo o proxecto fixo que o alumnado doutros cursos tamén quixese participar desde o primeiro momento. Por ese motivo, o alumnado de 1º da ESO elaborou uns carteis e foi de xira polos distintos grupos do centro para presentar o seu proxecto e convidalos a participar. Desta forma, o alumnado de 1º practicaba a oralidade e perdía o medo a falar en público ante compañeiros/as de maior idade.

## 7. Recursos necesarios

Neste proxecto o que máis conta é o capital humano, isto é, o tempo e o esforzo que dedica o alumnado e a profesora coordinadora. Pódese concretar no seguinte:

- Elaboración das entradas do dicionario e realización do resto de actividades.
- Deseño das publicacións e manexo das redes sociais.

Ademais diso, foi empregado material propio do centro como os folios e as fotocopias para a creación de carteis.

## 8. Temporalización

O proxecto iniciouse no curso 2020/2021 e continúa vixente na actualidade. A secuenciación do proxecto no pasado curso foi a seguinte:

PROGRAMA XERAL		
FASES	ACTIVIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Inicio	Análise do galego na Internet e redes sociais	1º trimestre
Presentación	Posta en común (19/1/2021)	xaneiro
Desenvolvemento	Creación de contido para a conta de @galegoparaboomers	xaneiro-xuño
Avaliación	Avaliación xeral por parte do EDLG	xuño

## 9. Impacto comunicativo

Sen levar a cabo unha estratexia concreta de comunicación co exterior do centro educativo e sen enviar ningunha nota de prensa nin ter ningún contacto cos medios, un simple chío publicado no Twitter provocou moito interese nas redes sociais e nos medios de comunicación. O chío acadou máis de 47.000 impresións e, apenas unha semana despois do seu lanzamento, o Instagram do proxecto superou os 700 seareiros.

**nós**  
DIARIO

Política Social Internacional Traballo Economía Cultura Língua Opinión Deportes Historia SERMOS GALIZA

Rapaces e rapazas de 1º B e C elaboran, coa axuda da profesora de galego o 'Dicionario galego para boomers'

### Alumnado do IES Leiras Pulpeiro "Podes ter 13 anos e ser 'boomer' ou 80 e non selo se sabes o que lle interesa á xente nova"

Noemí García é profesora de galego no Instituto de Ensino Secundario Leiras Pulpeiro de Lugo. Este curso creou e coordina un proxecto lingüístico no que implicou o seu alumnado de 1º da ESO B e C, o Dicionario galego para boomers. Un proxecto que os rapaces e as rapaces actualizan nas redes sociais para que todas aquelas persoas, pouco ou nada tecnolóxicas, que o desexen saiban que é "rabolar", un "crush" ou "estar de chilli". Conversamos disto co alumnado de 1º da ESO do IES Leiras Pulpeiro.



FARO DE VIGO

● DIRECTO Sigue en directo el histórico partido entre Nadal y Medvedev

DOCENTES QUE DINAN

### Un orixinal dicionario de galego para 'boomers'

Balinda Otero

09-02-21 | 02:02



Noemí García, profesora de galego no IES Leiras Pulpeiro.

“É un xeito de involucralos coa lingua facendo algo que lles gusta. Eles e elas dominan un léxico moi innovador, ligado ao mundo dos videogames e dos youtuberos, palabras que se poñen de moda nestes ámbitos que están no seu día a día, consumen moito este tipo de contidos”, expresa Noemí García, profesora de galego no IES (Instituto de Ensino Secundario) Leiras Pulpeiro, de Lugo. Múltiples son as palabras...

LUGO XORNAL GRAN LUGO POLÍTICA ECONOMÍA CULTURA DEPORTES AMBIENTE E PATRIMONIO

Inicio > Sociedade > O 'Dicionario galego para boomers', a xenial idea do alumnado do IES...

Lugo > sociedade > Lugo > Sociedade

### O 'Dicionario galego para boomers', a xenial idea do alumnado do IES Leiras Pulpeiro

Shippear, crush, 24/7... Estudantes de 1º da ESO explican en Instagram o significado de expresións propias da linguaxe da xente nova.

Por Redacción 25 Xaneiro, 2021



LUGO

## Alumnos do IES Leiras Pulpeiro crean un dicionario para que os maiores de 50 anos comprendan a linguaxe da mocidade

UXÍA CARRERA  
LUGO / LA VOZ

Á esquerda Noemí García con parte dos autores das publicacións do Dicionario para boomers. Óscar Cela

PUBLICIDAD

## 10. Avaliación

Desde o EDLG do IES Leiras Pulpeiro, faise unha valoración moi positiva dos resultados que está a obter o proxecto, baseándose principalmente nos seguintes puntos:

- A acollida, motivación e participación do alumnado foi moi superior á esperada. Nun principio, o proxecto estaba deseñado unicamente para os doce alumnos de Reforzo e, ao final, a participación é de todo o alumnado do centro.
- Desde o principio, a implicación do alumnado foi salientábel. Cómpre destacar o esforzo e o compromiso que mostrarón por modernizar a lingua e o debate que se creou arredor do tema. Alén diso, cómpre destacarmos o seu protagonismo, pois o propio alumnado foi partícipe da súa propia aprendizaxe converténdose en profesores e profesoras doutras

persoas ao ensinarnos os neoloxismos que van aparecendo da nosa lingua.

- O interese mostrado por outros centros educativos, entidades a prol da lingua e medios de comunicación parabenizando o proxecto dá unha mostra da boa acollida que tivo esta iniciativa na sociedade.

## **11. Conclusión**

Estas son, *grosso modo*, as características xerais do *Dicionario galego para boomers*. Ao tratarse dun proxecto que conta cunha curta traxectoria no tempo, por se crear a comezos do ano 2021, non dispomos de datos a longo prazo. Porén, o traballo que está a facer o alumnado, o seu esforzo e o seu compromiso para que o galego teña unha longa vida nas redes sociais e se adapte ás modas das novas xeracións fai que sexa un proxecto aplaudido non só no mundo educativo, senón tamén polo conxunto da sociedade galega.